

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

20889 *Real decreto 1920/2009, do 11 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento xeral da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal.*

ÍNDICE

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de desenvolvemento xeral da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal.*

Disposición adicional primeira. *Constitución efectiva da Comisión Nacional do Sector Postal.*

Disposición adicional segunda. *Integración do persoal do Ministerio de Fomento na Comisión Nacional do Sector Postal.*

Disposición adicional terceira. *Referencias ao Ministerio de Fomento existentes noutras normas.*

Disposición adicional cuarta. *Elaboración do informe ao cal se refire a disposición adicional única do Real decreto 1298/2006, do 10 de novembro, polo que se regula o acceso á rede postal pública e se determina o procedemento de resolución de conflitos entre operadores postais.*

Disposición transitoria primeira. *Expedientes e procedementos de gastos.*

Disposición transitoria segunda. *Primeiro exercicio económico.*

Disposición transitoria terceira. *Réxime aplicable ás empresas que figuren inscritas no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais.*

Disposición transitoria cuarta. *Réxime aplicable ás empresas que presten servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal e figuren inscritas no rexistro regulado no artigo 53 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.*

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de desenvolvemento do título II da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, no relativo ás autorizacións para a prestación de servizos e ao Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais, aprobado polo Real decreto 81/1999, do 22 de xaneiro.*

Disposición derradeira segunda. *Competencia do Estado.*

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 1. A Comisión Nacional do Sector Postal.

Artigo 2. Réxime xurídico.

Artigo 3. Autonomía.

Artigo 4. Asistencia xurídica.

Capítulo II. Fins, funcións e procedementos da Comisión Nacional do Sector Postal.

Sección 1.^a Das normas xerais.

Artigo 5. Fins da Comisión Nacional do Sector Postal.

Artigo 6. Potestade de solicitar información.

Artigo 7. Tratamento da información confidencial.

Sección 2.^a Da función arbitral.

Artigo 8. Función arbitral, principios e normas xerais.

Artigo 9. Formalización da arbitrase.

Artigo 10. Recusación dos membros do Consello Reitor da Comisión.

Artigo 11. Procedemento arbitral.

Artigo 12. Especialidades do procedemento arbitral.

Artigo 13. Substanciación das actuacións arbitrais.

Artigo 14. Laudo arbitral.

Artigo 15. Gastos.

Sección 3.^a Dos títulos habilitantes para a prestación de servizos postais.

Artigo 16. Competencias respecto aos títulos habilitantes para a prestación dos servizos postais.

Sección 4.^a Das outras funcións e procedementos da Comisión Nacional do Sector Postal.

Artigo 17. Garantía da libre competencia e resolución de conflitos.

Artigo 18. Separación de contas e determinación do custo neto do servizo postal universal.

Artigo 19. Funcións respecto á fixación de condicións de acceso á rede postal pública e procedemento aplicable.

Artigo 20. Circulares e procedemento para a súa elaboración.

Artigo 21. Funcións e procedementos de inspección e sanción.

Artigo 22. Funcións en relación cos procedementos de resolución de reclamacións e de resarcimento dos operadores postais cos seus usuarios.

Artigo 23. Funcións en relación co réxime de prezos.

Artigo 24. Informe anual.

Artigo 25. Funcións en relación cos órganos da Comisión Nacional da Competencia.

Artigo 26. Outras funcións.

Capítulo III. Da estrutura da Comisión Nacional do Sector Postal.

Sección 1.^a Do Consello Reitor.

Artigo 27. O Consello Reitor.

Artigo 28. Composición do Consello Reitor.

Artigo 29. Nomeamento e cesamento dos membros do Consello Reitor.

Artigo 30. Réxime retributivo.

Artigo 31. Incompatibilidades.

Artigo 32. Deber de segredo.

Sección 2.^a Dos demais órganos e da estrutura da Comisión Nacional do Sector Postal.

Artigo 33. Presidente.

Artigo 34. Vicepresidente.

Artigo 35. Secretario xeral.

Artigo 36. Estructura e funcións.

Capítulo IV. Do persoal da Comisión Nacional do Sector Postal.

Artigo 37. Réxime de persoal.

Artigo 38. Persoal funcionario.

Artigo 39. Persoal laboral.

Artigo 40. Persoal directivo.

Artigo 41. Relación de postos de traballo.

- Artigo 42. Oferta de emprego público.
- Artigo 43. Tramitación das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo.
- Artigo 44. Réxime retributivo.
- Artigo 45. Réxime de incompatibilidades.

- Capítulo V. Réxime de contratación, orzamentario, patrimonial e económico-financeiro.

- Artigo 46. Réxime de contratación.
- Artigo 47. Réxime orzamentario.
- Artigo 48. Patrimonio.
- Artigo 49. Réxime económico-financeiro.
- Artigo 50. Réxime de contabilidade aplicable á Comisión Nacional do Sector Postal.

- Capítulo VI. Das relacións externas e da sede electrónica.

- Artigo 51. Colaboración coa Comisión Nacional da Competencia.
- Artigo 52. Colaboración co Consello de Consumidores e Usuarios.
- Artigo 53. Colaboración coa Administración de xustiza.
- Artigo 54. Relacións con outros entes públicos e privados.
- Artigo 55. Relacións con órganos doutros Estados ou da Unión Europea.
- Artigo 56. Sede electrónica.

A Lei 23/2007, do 8 de outubro, creou a Comisión Nacional do Sector Postal como organismo regulador do sector con independencia funcional da Administración xeral do Estado. Esta Comisión configúrase como un organismo público. O seu obxecto é velar pola transparencia e o bo funcionamento do mercado postal, garantir a prestación do servizo postal universal e salvagardar o cumprimento das exixencias de libre competencia.

A Lei 23/2007, do 8 de outubro, regula a súa estrutura, funcións e réxime xurídico e remite a un desenvolvemento regulamentario na súa disposición derradeira cuarta.

No exercicio da potestade regulamentaria e en cumprimento do previsto na mencionada disposición derradeira cuarta, procédese a aprobar o Regulamento de desenvolvemento xeral da Lei 23/2007, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal. Nel contéñense as normas reguladoras xerais da Comisión, o réxime xurídico e o procedemento das funcións que se lle encomendan e, en especial, as que atinxen á función arbitral que legalmente lle está atribuída; o réxime dos títulos habilitantes para a prestación dos servizos; a resolución de conflitos entre o prestador do servizo postal universal e outros prestadores; a inspección e sanción; a estrutura da Comisión; o réxime do seu persoal, da contratación, orzamentario, patrimonial e económico-financeiro, e finalmente o réxime de colaboración e relacións do organismo con outras administracións e órganos do Estado.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Fomento, da ministra da Presidencia e da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de desenvolvemento xeral da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal.*

De conformidade co establecido na disposición derradeira cuarta da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal, apróbase o Regulamento de desenvolvemento xeral da citada Lei 23/2007, do 8 de outubro, cuxo texto se inclúe a seguir.

Disposición adicional primeira. *Constitución efectiva da Comisión Nacional do Sector Postal.*

No prazo de vinte días, contado desde a publicación do real decreto de nomeamento do presidente e dos demais membros do Consello Reitor, procederáse á constitución e entrada en funcionamento da Comisión Nacional do Sector Postal, e ao nomeamento do secretario do Consello Reitor, que será tamén secretario xeral da Comisión Nacional do Sector Postal, de conformidade co establecido no artigo 4.5 da Lei 23/2007, do 8 de outubro.

Así mesmo, procederáse, no prazo de dous meses a partir da constitución e entrada en funcionamento da Comisión, á constitución dos seus órganos.

O exercicio efectivo das funcións atribuídas á Comisión Nacional do Sector Postal iniciarase na data que para o efecto se determine por orde do ministro de Fomento, momento a partir do cal a Comisión se subrogará en todos os dereitos e obrigas que, despois de ser desempeñados polo Ministerio de Fomento, en virtude da Lei 23/2007, do 8 de outubro, pasan a ser competencia da Comisión, nas condicións establecidas na mencionada lei e nesta disposición, e, en concreto, nos contratos, convenios e noutros acordos perfeccionados no ámbito das competencias asignadas á Comisión.

Disposición adicional segunda. *Integración do persoal do Ministerio de Fomento na Comisión Nacional do Sector Postal.*

O persoal destinado no Ministerio de Fomento cuxas funcións fosen asumidas pola Comisión Nacional do Sector Postal pasará a depender desta no prazo de dous meses, a partir da súa constitución e entrada en funcionamento, nas condicións establecidas por orde do Ministerio de Fomento, de acordo co previsto e coas garantías establecidas na disposición adicional segunda da Lei 23/2007, do 8 de outubro.

Disposición adicional terceira. *Referencias ao Ministerio de Fomento existentes noutras normas.*

Entenderanse feitas á Comisión Nacional do Sector Postal todas as referencias ao Ministerio de Fomento e a órganos dependentes del realizadas noutras normas que atribúan a aqueles facultades que afecten as competencias no sector postal outorgadas á dita Comisión pola Lei 23/2007, do 8 de outubro.

Disposición adicional cuarta. *Elaboración do informe a que se refire a disposición adicional única do Real decreto 1298/2006, do 10 de novembro, polo que se regula o acceso á rede postal pública e se determina o procedemento de resolución de conflitos entre operadores postais.*

O informe sobre a situación do sector postal, a evolución do acceso á rede postal pública, o custo do servizo postal universal e o seu financiamento, a que fai referencia a disposición adicional única do Real decreto 1298/2006, do 10 de novembro, polo que se regula o acceso á rede postal pública e se determina o procedemento de resolución de conflitos entre operadores postais, será elaborado pola Comisión Nacional do Sector Postal transcorrido un ano desde a súa entrada en funcionamento.

Disposición transitoria primeira. *Expedientes e procedementos de gastos.*

Sen prexuízo do previsto na disposición adicional primeira, os expedientes e procedementos de gastos iniciados polo Ministerio de Fomento con anterioridade ao inicio do funcionamento e exercicio efectivo das funcións pola Comisión Nacional do Sector Postal e non resoltos nesa data, relativos a ámbitos de competencias asignadas á Comisión, serán resoltos polo Ministerio de Fomento.

Disposición transitoria segunda. *Primeiro exercicio económico.*

O primeiro exercicio económico da Comisión Nacional do Sector Postal comezará a contar desde a data da súa posta en funcionamento e finalizará o 31 de decembro do mesmo ano.

Disposición transitoria terceira. *Réxime aplicable ás empresas que figuren inscritas no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais.*

1. As empresas que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, figuren inscritas no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais deberán renovar a súa inscrición, nos prazos que se indican nos puntos seguintes e logo do aboaren as taxas correspondentes.

A Comisión Nacional do Sector Postal establecerá un calendario para efectuar as renovacións, atendendo tanto ao número de operadores como á antigüidade das inscricións no rexistro, e comunicará a cada empresa o procedemento e os requisitos necesarios para a actualización da inscrición, así como o prazo para levala a efecto.

En caso de non se efectuar a solicitude de renovación da inscrición nos prazos establecidos, por causas imputables aos interesados, darase de baixa de oficio no rexistro a empresa correspondente, que quedará inhabilitada para a prestación de servizos postais.

2. As empresas que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, figuren inscritas no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais e a súa antigüidade nel sexa superior a dous anos naturais, deberán renovar a súa inscrición no rexistro nos seguintes prazos máximos:

a) Para as empresas cuxa data de inscrición inicial no rexistro sexa anterior ao 1 de xullo de 1999, catro meses desde o inicio do exercicio efectivo das funcións atribuídas á Comisión Nacional do Sector Postal.

b) Para as empresas cuxa data de inscrición inicial no rexistro estea comprendida entre o 1 de xullo de 1999 e o 31 de decembro de 1999, seis meses desde o inicio do exercicio efectivo das funcións atribuídas á Comisión Nacional do Sector Postal.

c) Para as empresas cuxa data de inscrición inicial no rexistro estea comprendida entre o 1 de xaneiro de 2000 e o 31 de decembro de 2000, nove meses desde o inicio do exercicio efectivo das funcións atribuídas á Comisión Nacional do Sector Postal.

d) Para as empresas cuxa data de inscrición inicial no rexistro sexa posterior ao 31 de decembro de 2000, un ano desde o inicio do exercicio efectivo das funcións atribuídas á Comisión Nacional do Sector Postal.

3. As empresas que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, figuren inscritas no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais e a súa antigüidade nel sexa inferior a dous anos naturais, disporán dun prazo máximo dun ano, contado desde o inicio do exercicio efectivo das funcións atribuídas á Comisión Nacional do Sector Postal, para renovar a súa inscrición no rexistro, salvo que ao seu vencemento non transcorresen dous anos desde a primeira inscrición. Neste caso a renovación deberase efectuar aos dous anos contados desde a data da primeira inscrición.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime aplicable ás empresas que presten servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal e figuren inscritas no rexistro regulado no artigo 53 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.*

As empresas que presten servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal e figuren inscritas no rexistro regulado no artigo 53 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, deberán comunicar a intención de prestar servizos postais nos termos establecidos na Lei 24/1998 e na súa normativa de desenvolvemento.

O prazo máximo para realizar a comunicación será dun ano desde o inicio do exercicio efectivo das funcións atribuídas á Comisión Nacional do Sector Postal. Transcorrido o prazo sen que se realizase a comunicación ao Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais, a empresa correspondente non poderá prestar servizos postais mentres non se efectúe a preceptiva comunicación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento de desenvolvemento do título II da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, no relativo ás autorizacións para a prestación de servizos e ao Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais, aprobado polo Real decreto 81/1999, do 22 de xaneiro.*

Engádesse un número 3 ao artigo 2 do regulamento, que terá a seguinte redacción:

«3. A Comisión non lles exixirá aos prestadores establecidos noutros Estados membros requisitos que sexan equivalentes ou comparables, no esencial, pola súa finalidade, a aqueles a que xa estean sometidos noutro Estado membro para o outorgamento da autorización correspondente. Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos, a Comisión aceptará os documentos procedentes doutros Estados membros sen exixir a presentación de documentos oficiais orixinais ou copias compulsadas nin traducións xuradas, salvo que estea xustificado por motivos de orde pública e seguridade.»

Modifícase o artigo 24 do regulamento, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 24. *Renovación da inscrición no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais.*

As inscricións no rexistro de empresas prestadoras de servizos postais terán unha validez de dous anos. A renovación da inscrición efectuarase por instancia da Comisión Nacional do Sector Postal, unha vez que o interesado achegue o correspondente impreso de solicitude, debidamente completado, e o xustificante de ter aboado o importe da taxa establecida no artigo 13 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da devandita Comisión.

En caso de non se proceder á renovación da inscrición, darase de baixa de oficio no rexistro a empresa correspondente, que quedará inhabilitada para a prestación de servizos postais.»

Disposición derradeira segunda. *Competencia do Estado.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de correos e telecomunicacións, salvo os artigos 8 ao 15 do Regulamento de desenvolvemento xeral da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.6ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación procesual.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílitase o ministro de Fomento para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

REGULAMENTO DE DESENVOLVEMENTO XERAL DA LEI 23/2007, DO 8 DE OUTUBRO, DE CREACIÓN DA COMISIÓN NACIONAL DO SECTOR POSTAL

CAPÍTULO I

Disposicións xerais*Artigo 1. A Comisión Nacional do Sector Postal.*

A Comisión Nacional do Sector Postal, creada polo artigo 1 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal, é un organismo público, dos previstos na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e plena capacidade de obrar.

A Comisión Nacional do Sector Postal está adscrita ao Ministerio de Fomento, a través da súa Subsecretaría, a cal asume o exercicio das funcións de coordinación entre a Comisión e o Ministerio de Fomento.

Artigo 2. Réxime xurídico.

A Comisión Nacional do Sector Postal rexerese polo disposto na Lei 23/2007, do 8 de outubro, pola Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, polo presente regulamento, polo Real decreto 1298/2006, do 10 de novembro, polo que se regula o acceso á rede postal pública e se determina o procedemento de resolución de conflitos entre operadores postais, e polas demais disposicións de desenvolvemento regulamentario. Rexerese igualmente pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e, supletoriamente, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e pola Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje.

A Comisión suxeitará a súa actividade ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no exercicio das funcións públicas que ten atribuídas, e á lexislación sobre contratación do sector público, así como, en virtude do artigo 4.9 da súa lei de creación, ao seu Regulamento de funcionamento interno, adoptado polo seu Consello Reitor, que deberá ser aprobado, posteriormente, como real decreto polo Consello de Ministros, por proposta do ministro de Fomento.

Artigo 3. Autonomía.

1. A Comisión Nacional do Sector Postal actuará con plena autonomía para o cumprimento do seu fin e o exercicio das funcións a que se refire o capítulo seguinte.

2. As resolucións que diten o presidente ou o Consello Reitor da Comisión no exercicio das súas funcións públicas porán fin á vía administrativa.

Artigo 4. Asistencia xurídica.

A asistencia xurídica, representación e defensa en xuízo da Comisión Nacional do Sector Postal correspóndelles aos avogados do Estado integrados no Servizo Xurídico do Estado cuxo centro directivo superior é a Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, no marco do establecido na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas, e a súa normativa de desenvolvemento.

CAPÍTULO II

Fins, funcións e procedementos da Comisión Nacional do Sector Postal

Sección 1.^a Das normas xerais

Artigo 5. *Fins da Comisión Nacional do Sector Postal.*

A Comisión Nacional do Sector Postal exercerá as funcións e competencias atribuídas polos artigos 6 e 7 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, de creación da Comisión Nacional do Sector Postal.

Artigo 6. *Potestade de solicitar información.*

A Comisión Nacional do Sector Postal poderalles reclamar cantos datos e informacións requira para o exercicio das súas funcións ás empresas que presten os seus servizos no mercado postal, que estarán obrigadas a subministralos en prazo, e, en particular, aqueles datos ou informacións necesarios para a tramitación e resolución dos procedementos que lles foren solicitados.

Así mesmo, poderá recoller aqueles datos e informacións que resulten pertinentes para a elaboración do informe anual ao Ministerio de Fomento sobre o desenvolvemento do mercado postal, que será elevado ás Cortes Xerais.

En todo caso, a Comisión Nacional do Sector Postal garantirá que calquera información ou dato subministrado sexa tratado de conformidade coa normativa sobre a protección de datos, o segredo estatístico e a competencia.

Artigo 7. *Tratamento da información confidencial.*

Calquera persoa que presente documentos ante a Comisión Nacional do Sector Postal, ao solicitar a confidencialidade de datos ou informacións, deberá facelo de forma suficientemente xustificada ante o órgano competente no marco da tramitación do expediente en cuestión e deberá presentar, ademais, se é o caso, unha versión dela en que os datos ou informacións subministrados estean tratados de forma compatible coa normativa sobre a competencia, a protección de datos e o segredo estatístico.

Sección 2.^a Da función arbitral

Artigo 8. *Función arbitral, principios e normas xerais.*

1. A Comisión Nacional do Sector Postal exercerá a función arbitral, nos termos establecidos no artigo 20 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, e neste regulamento, nos conflitos que poidan xurdir entre os operadores postais cando os interesados o acorden.

2. O exercicio desta función arbitral non terá carácter público e terá natureza de arbitraje institucional de conformidade co establecido no artigo 14 da Lei 60/2003, do 23 de decembro.

3. Os membros do Consello Reitor da Comisión Nacional do Sector Postal non se poderán abster nin ser obxecto de recusación nos procedementos de arbitaxes polo simple feito de ter instruído ou resolto procedementos en aplicación da normativa do sector postal que afecten unha ou varias partes da arbitraje, de acordo co previsto no artigo 17 da Lei 60/2003, do 23 de decembro.

4. O lugar de arbitraje será a sede da Comisión Nacional do Sector Postal.

5. A Lei 60/2003, do 23 de decembro, aplicarase con carácter supletorio no non previsto na presente disposición e nas súas normas de desenvolvemento, a cal ten como fin constituírse na norma regulamentaria de administración da arbitraje institucional.

Artigo 9. *Formalización da arbitraje.*

1. A submisión á arbitraje da Comisión Nacional do Sector Postal deberana realizar os operadores postais de forma expresa e inequívoca, mediante documento subscrito

polos interesados ou os seus representantes, que se depositará na Xerencia da Comisión e que deberá conter, como mínimo, os datos de identificación da parte e, se é o caso, os do seu representante, quen deberá xustificar a súa condición, a acreditación da condición de operador postal, a descrición detallada do obxecto da controversia ou da diferenza que se somete a arbitraje, a declaración expresa de sometemento á arbitraje institucional da Comisión, así como que acepta o laudo polo que se resolva a controversia ou diferenza que corresponda.

2. Para tales efectos, o órgano competente, tanto para aceptar a formalización da arbitraje, como para ditar o correspondente laudo arbitral, será o Consello Reitor da Comisión Nacional do Sector Postal.

3. O sometemento á arbitraje da Comisión na forma determinada nesta disposición terá a eficacia prevista no artigo 11 da Lei 60/2003, do 23 de decembro.

Artigo 10. *Recusación dos membros do Consello Reitor da Comisión.*

A recusación dos membros do Consello Reitor da Comisión, no exercicio da súa función arbitral, poderase promover nos termos establecidos polos artigos 17, nos números 2 e 3, e 18 da Lei 60/2003, do 23 de decembro.

Artigo 11. *Procedemento arbitral.*

O procedemento arbitral axustarase ao que se acorde entre as partes, sempre e cando non contradiga o disposto nesta disposición, que se constitúe no Regulamento de arbitraje institucional previsto no artigo 14 da Lei 60/2003, do 23 de decembro.

En todo caso, o procedemento rexerese, de acordo co establecido no número 3 do artigo 20 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, baixo os principios esenciais de igualdade entre as partes, audiencia e contradición.

Artigo 12. *Especificidades do procedemento arbitral.*

1. As probas propostas polas partes e admitidas pola Comisión, así como as acordadas por esta, practicaranse no termo de vinte días.

Á práctica das probas serán citadas e poderán intervir as partes ou os seus representantes.

2. A Comisión Nacional do Sector Postal, para a práctica das probas, poderá solicitar a colaboración dos órganos da Administración xeral do Estado, que deberán prestala coa maior celeridade posible.

Artigo 13. *Substanciación das actuacións arbitrais.*

1. A substanciación das actuacións arbitrais previas ao laudo arbitral correspóndelle ao departamento xurídico, o cal elaborará un informe en que se incluírá a proposta de laudo arbitral, que remitirá ao Consello Reitor da Comisión Nacional do Sector Postal.

2. O Consello Reitor da Comisión Nacional do Sector Postal, por instancia das partes, poderá adoptar medidas preventivas de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 60/2003, do 23 de decembro.

Artigo 14. *Laudo arbitral.*

1. Presentado o escrito de conclusións ou realizada a vista, o Consello Reitor da Comisión Nacional do Sector Postal ditará o seu laudo arbitral no prazo de trinta días. Cando existan razóns suficientemente xustificadas en relación coa complexidade do asunto que se vai resolver ou se requira de ditames ou asesoramentos complementarios, o prazo poderase ampliar ata dous meses.

2. O laudo ditarase por escrito, reflectirá a identidade das partes, as cuestións sometidas á arbitraje, unha relación sumaria das probas practicadas e as alegacións formuladas, así como a súa correspondente valoración. O laudo recollerá os antecedentes

de feito e será motivado cos fundamentos de dereito en que se sustente a decisión arbitral.

3. Non se poderá ditar o laudo arbitral sen a conformidade de, polo menos, a maioría dos membros que constitúen o Consello Reitor. O laudo será asinado por estes e presumirase a conformidade coa decisión arbitral dos que non o asinen se non fan constar por escrito o seu parecer discrepante.

4. O laudo será notificado ás partes pola Secretaría do Consello Reitor a través de calquera medio admitido en dereito que permita ter constancia da súa recepción.

5. Dentro dos dez días seguintes á notificación do laudo calquera das partes poderá pedirlle á Comisión que complemente o laudo respecto a cuestións formuladas e non resoltas nel, que corrixa calquera erro de cálculo, de copia, tipográfico ou similar, ou que aclare algún punto ou parte concreta do laudo.

Artigo 15. *Gastos.*

1. As arbitaxes a que se refire esta sección serán gratuítas, sen prexuízo da obriga de satisfacer os gastos xerados polas prácticas das probas, os cales deberán ser satisfeitos, salvo expreso acordo das partes, pola parte que propuxo as ditas probas.

2. Cada unha das partes, no momento de propoñer as probas, fará provisión de fondos, na Xerencia da Comisión, para atender os gastos previsibles. Os gastos derivados das probas practicadas de oficio satisfaranse por partes iguais entre os litigantes.

Sección 3.^a Dos títulos habilitantes para a prestación de servizos postais

Artigo 16. *Competencias respecto aos títulos habilitantes para a prestación dos servizos postais.*

1. A Comisión Nacional do Sector Postal, a través do seu Consello Reitor, exercerá as competencias propias da Administración xeral do Estado relacionadas co outorgamento e revogación dos títulos habilitantes para a prestación dos servizos postais, de conformidade co establecido no título II da Lei 24/1998, do 13 de xullo, no relativo ás autorizacións para a prestación de servizos e ao Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais e a súa normativa de desenvolvemento.

2. Así mesmo, levará o Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais, no que se deben inscribir todos os datos relativos aos beneficiarios de autorizacións administrativas, xa sexa singulares ou xerais, así como as súas posteriores alteracións.

Sección 4.^a Das outras funcións e procedementos da Comisión Nacional do Sector Postal

Artigo 17. *Garantía da libre competencia e resolución de conflitos.*

1. A Comisión Nacional do Sector Postal adoptará as medidas necesarias para contribuír a salvagardar a pluralidade de oferta no mercado postal e velará para que os suxeitos que actúen no mercado postal leven a cabo a súa actividade respectando os principios de libre competencia e evitando posibles discriminacións no acceso á rede postal e no exercicio normal da súa actividade.

2. Conforme o disposto nos artigos 7.1.a) e 16 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, o Consello Reitor da Comisión Nacional do Sector Postal resolverá os conflitos que se susciten entre o operador prestador do servizo postal universal e outros operadores postais que leven a cabo servizos incluídos no dito ámbito, en relación coa existencia ou non dos dereitos exclusivos, a suficiencia ou insuficiencia das garantías ofrecidas aos usuarios e o dereito de acceso á rede postal pública.

3. O procedemento que se seguirá para a resolución de conflitos será o establecido no mencionado artigo 16 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, e no Real decreto 1298/2006, do 10 de novembro, que en todo caso deberá respectar os principios de audiencia, contradición e igualdade.

Artigo 18. *Separación de contas e determinación do custo neto do servizo postal universal.*

1. A Comisión Nacional do Sector Postal velará pola correcta aplicación da normativa sobre contabilidade analítica e a separación de contas dos operadores postais, e realizará anualmente unha auditoría sobre as contas analíticas do operador encargado da prestación do servizo postal universal, por si mesmo ou a través dunha entidade independente.

2. Así mesmo, a Comisión Nacional do Sector Postal, a través do seu Consello Reitor, determinará, anualmente, o custo neto ou carga que supón a prestación do servizo postal universal para o operador a que tivese sido encomendado, para os servizos do ámbito reservado e non reservado e elaborará un informe anual sobre o seu custo, o seu financiamento e a calidade do servizo que remitirá ao Ministerio de Fomento para a súa elevación á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Artigo 19. *Funcións respecto á fixación de condicións de acceso á rede postal pública e procedemento aplicable.*

O Consello Reitor da Comisión Nacional do Sector Postal, de conformidade co establecido nos artigos 7.1.f) e 16 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, fixará de forma motivada, logo de audiencia aos interesados e de acordo cos principios de transparencia, obxectividade, non-discriminación e correcto funcionamento da rede pública postal, as condicións de acceso á rede postal pública cando os operadores non chegasen a un acordo sobre iso.

Artigo 20. *Circulares e procedemento para a súa elaboración.*

1. A Comisión Nacional do Sector Postal poderá ditar instrucións, que serán vinculantes, para as entidades que operen no sector, co obxecto de contribuír a salvaguardar a pluralidade de oferta no mercado postal, e de protexer o interese dos usuarios dos servizos postais, en particular no que se refire á pluralidade de oferta de servizos e ao acceso á rede postal pública.

As ditas instrucións, que serán obxecto de recurso en vía contencioso-administrativa, serán aprobadas polo Pleno do Consello Reitor, estarán debidamente motivadas e recibirán a denominación de «Circulares da Comisión Nacional do Sector Postal».

2. De conformidade co previsto nos artigos 17.2.b) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e 17.3 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, e nos seus respectivos desenvolvementos regulamentarios, cando se diten circulares que poidan incidir significativamente nas condicións da competencia no mercado postal, a Comisión estará obrigada a solicitar informe previo ao órgano competente en materia de defensa da competencia.

3. No procedemento de aprobación das circulares os servizos competentes da Comisión emitirán os oportunos informes técnicos e xurídicos.

Cando as ditas circulares sexan relativas ás relacións entre os operadores de servizos postais e grandes usuarios, así como en todos os supostos en que a Comisión o considere necesario, darase audiencia, cando proceda, ás entidades e asociacións que exerzan a representación dos correspondentes intereses, e ao Consello de Consumidores e Usuarios, segundo o establecido no artigo 52 desta norma.

Cando a natureza da circular en cuestión o requira, o Consello Reitor da Comisión Nacional do Sector Postal acordará un período de información ou consulta pública a través da páxina web da Comisión Nacional do Sector Postal.

4. As circulares da Comisión Nacional do Sector Postal serán vinculantes desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Así mesmo, daráselles publicidade na páxina web da Comisión Nacional do Sector Postal.

Artigo 21. *Funcións e procedementos de inspección e sanción.*

1. A Comisión Nacional do Sector Postal exercerá as funcións de inspección e sanción nos termos establecidos nos artigos 18 e 19 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, no título V

da Lei 24/1998, do 13 de xullo, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

A potestade de inspección, conforme o establecido no artigo 18.2. da Lei 23/2007, do 8 de outubro, correspóndelle ao persoal funcionario do servizo de inspección da Comisión que terá, nos seus actos de servizo ou con motivo destes, a consideración de axentes da autoridade e poderá requirir, a través da autoridade gubernativa correspondente, o apoio dos corpos e forzas de seguranza do Estado.

A potestade de sanción correspóndelle ao presidente do Consello, no caso das infraccións leves, e ao Pleno do Consello Reitor no das infraccións graves e moi graves.

Durante os procedementos de inspección e sanción, o persoal da Comisión poderá, para o exercicio das súas funcións, solicitar dos operadores postais que presten os seus servizos no mercado postal cantos datos e informacións consideren necesarios para o esclarecemento dos feitos e as empresas mencionadas estarán obrigadas a subministralos no prazo requirido.

2. O procedemento sancionador iníciase de oficio por acordo do Consello Reitor, ben por propia iniciativa, como consecuencia de informe razoado do Servizo de Inspección da Comisión, ou por denuncia.

O procedemento instruírano, de conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, os funcionarios do Servizo de Inspección, que deberán concretar os posibles incumprimentos, a norma ou normas presuntamente vulneradas e cantas circunstancias poidan aclarar ou precisar a conduta irregular advertida.

A resolución do procedemento sancionador porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo.

Artigo 22. Funcións en relación cos procedementos de resolución de reclamacións e de resarcimento dos operadores postais cos seus usuarios.

1. A Comisión velará por que todos os operadores postais establezan procedementos transparentes, sinxelos e gratuítos para a resolución das reclamacións dos usuarios nos casos de perda, roubo, deterioración ou incumprimento das normas de calidade, así como calquera outra relacionada co réxime de prestación do servizo postal.

Así mesmo, vixiará que os operadores do sector postal implanten procedementos para resarcir os usuarios en caso de destrución ou extravío dos envíos ou incumprimento das condicións de prestación dos servizos.

2. No caso de que algún operador non dispuxer destes procedementos ou que estes non se axustaren aos requisitos necesarios para garantir a atención das reclamacións ou o resarcimento aos usuarios dos servizos, a Comisión fixará un prazo non superior a dous meses para o seu establecemento. Unha vez transcorrido ese tempo sen que o operador acredite o efectivo establecemento dos procedementos en cuestión, procederase á apertura do correspondente expediente sancionador.

Artigo 23. Función en relación co réxime de prezos.

A Comisión Nacional do Sector Postal, a través do seu Consello Reitor, exercerá o control das directrices e, de ser o caso, do réxime de prezos establecido de acordo co previsto no artigo 7.1.j) da Lei 23/2007, do 8 de outubro.

Artigo 24. Informe anual.

1. De conformidade co previsto no artigo 7.1.n) da Lei 23/2007, do 8 de outubro, a Comisión elaborará anualmente, a través do seu Consello Reitor, un informe sobre o desenvolvemento do mercado postal, que será remitido ás Cortes Xerais.

2. Este informe será elevado ao Goberno, a través do ministro de Fomento, no primeiro trimestre de cada ano, e nel reflectiranse as actuacións da Comisión, así como as súas observacións e posibles suxestións sobre a evolución do mercado, o número de

reclamacións e sobre o cumprimento das condicións de libre competencia e incluíra o programa de actuacións que prevexa desenvolver no período seguinte.

3. O Goberno remitirá o informe ao Congreso dos Deputados e ao Senado para a súa tramitación conforme o regulamento de cada unha das Cámaras.

Artigo 25. Funcións en relación cos órganos da Comisión Nacional da Competencia.

1. A Comisión Nacional do Sector Postal, a través do seu Consello Reitor, co fin de contribuír a salvagardar a competencia no mercado, porá en coñecemento do órgano competente en materia de defensa da competencia os actos, acordos, prácticas e condutas de que poida ter coñecemento no exercicio das súas atribucións que presenten indicios de ser contrarios á Lei de defensa da competencia, achegando todos os elementos de feito ao seu alcance e unindo, se é o caso, o ditame correspondente.

2. Así mesmo, o Consello Reitor da Comisión Nacional do Sector Postal emitirá os ditames que lle sexan solicitados pola Comisión Nacional da Competencia nos termos establecido na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e no Real decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de defensa da competencia.

3. Cando a Comisión Nacional do Sector Postal o requira para o exercicio das súas funcións solicitará, a través do seu presidente, o pertinente informe á Comisión Nacional da Competencia.

Artigo 26. Outras funcións.

1. Correspóndelle á Comisión Nacional do Sector Postal, a través do seu Consello Reitor, a proposta de desenvolvemento doutras funcións que legal ou regulamentariamente se lle atribúan ou que lle encomende o Goberno ou o Ministerio de Fomento.

2. Ademais das mencionadas nos artigos precedentes, correspóndenlle as seguintes:

a) A xestión do Fondo de Compensación do Servizo Postal Universal destinado a complementar o financiamento do dito servizo.

b) A actuación como órgano consultivo da Administración xeral do Estado en materia postal, emitindo, por medio do seu Consello Reitor, os informes que lle sexan solicitados polo Ministerio de Fomento.

c) O control do cumprimento dos obxectivos de calidade establecidos para os servizos postais.

d) A xestión das taxas afectas ao funcionamento da Comisión.

CAPÍTULO III

Da estrutura da Comisión Nacional do Sector Postal

Sección 1.ª Do Consello Reitor

Artigo 27. O Consello Reitor.

A Comisión Nacional do Sector Postal estará rexida por un Consello Reitor, ao cal corresponderá o exercicio de todas as funcións establecidas no artigo 7 da Lei 23/2007, do 8 de outubro.

Artigo 28. Composición do Consello Reitor.

O Consello Reitor estará composto por:

a) Un presidente, que será igualmente presidente da Comisión Nacional do Sector Postal.

- b) Catro conselleiros, un dos cales será vicepresidente.
- c) Un secretario non conselleiro, que terá voz pero non voto.

Artigo 29. Nomeamento e cesamento dos membros do Consello Reitor.

1. O nomeamento do presidente, do vicepresidente e dos conselleiros do Consello Reitor da Comisión Nacional do Sector Postal realizarase de acordo co establecido no artigo 4.4 da Lei 23/2007.

2. Os cargos de presidente, vicepresidente e conselleiro renovaranse cada seis anos e será posible a súa reelección por unha soa vez.

3. Salvo nos supostos de separación acordada polo Goberno por incapacidade permanente para o exercicio do seu cargo, por incumprimento grave das súas obrigas, por condena por delito doloso ou por incompatibilidade sobrevida, os membros cesantes do Consello Reitor continuarán nas súas funcións ata a toma de posesión do correspondente substituto.

4. Se durante o período dos seus respectivos mandatos se producir o cesamento do presidente, do vicepresidente ou de calquera conselleiro, as persoas designadas para substituílos serano polo tempo que reste do mandato do seu antecesor, ben que poderá ser reelixido para un novo e único mandato.

5. O Consello Reitor ten a competencia para designar e separar o seu secretario, que será, así mesmo, o secretario xeral da Comisión.

Artigo 30. Réxime retributivo.

A retribución do presidente, do vicepresidente e dos conselleiros será fixada polo ministro de Economía e Facenda de acordo co procedemento establecido para os altos cargos de entes e entidades de dereito público nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 31. Incompatibilidades.

1. O presidente, o vicepresidente e os conselleiros da Comisión Nacional do Sector Postal estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades de actividades establecido con carácter xeral para os altos cargos da Administración xeral do Estado na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, e nas súas disposicións de desenvolvemento, así como no acordo do Consello de Ministros, do 18 de febreiro de 2005, polo que se aproba o Código de bo goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

2. Ao cesaren no seu cargo e durante os dous anos posteriores, os membros do Consello Reitor da Comisión Nacional do Sector Postal non poderán exercer actividade profesional ningunha relacionada co sector postal. Durante un prazo igual a aquel durante o cal desempeñaron o cargo e, en todo caso, co límite de dous anos, terán dereito a percibir, a partir do mes seguinte a aquel en que se produza o cesamento por expiración do termo do seu mandato, renuncia ou incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, unha compensación económica mensual igual á doceava parte do 80% do total de retribucións asignadas ao cargo respectivo no orzamento en vigor durante o prazo indicado. Non haberá lugar á percepción da dita compensación no caso de desempeño, de forma remunerada, de calquera posto de traballo, cargo ou actividade no sector público ou privado, con excepción da docencia, nin cando o cesamento se produza en virtude de separación por incumprimento grave das súas obrigas, condena por delito doloso ou incompatibilidade sobrevida.

Artigo 32. Deber de segredo.

Os membros do Consello Reitor da Comisión Nacional do Sector Postal deberán gardar segredo, mesmo despois de cesaren nas súas funcións, de cantas informacións tivesen coñecemento no exercicio dos seus cargos.

Sección 2.^a Dos demais órganos e da estrutura da Comisión Nacional do Sector Postal

Artigo 33. Presidente.

O presidente da Comisión Nacional do Sector Postal será presidente do Consello Reitor e corresponderanlle as funcións atribuídas pola Lei 23/2007, do 8 de outubro, as competencias que lle sexan conferidas por este regulamento e as demais funcións que lle atribúa o ordenamento xurídico.

O presidente será substituído nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade polo vicepresidente da Comisión e, no seu defecto, polo conselleiro de maior antigüidade e idade, por esta orde, de entre os seus compoñentes.

Artigo 34. Vicepresidente.

Ao vicepresidente da Comisión Nacional do Sector Postal correspóndelle suplir o presidente nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade, así como todas aquelas competencias que o presidente ou o Consello lle deleguen expresamente.

Artigo 35. Secretario xeral.

1. O secretario xeral da Comisión Nacional do Sector Postal, que será secretario tamén do Consello, terá, ademais das funcións establecidas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, funcións de asistencia ao presidente e ao vicepresidente da Comisión no exercicio das súas competencias, así como a de garantir o funcionamento ordinario dos servizos administrativos.

2. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario do Consello Reitor será substituído pola persoa designada polo presidente, oído o Consello Reitor.

Artigo 36. Estructura e funcións.

1. Para o seu adecuado funcionamento, baixo a xefatura inmediata do seu presidente, a Comisión Nacional do Sector Postal queda estruturada nos seguintes departamentos:

a) Departamento Xurídico.—É o encargado de prestar apoio xurídico a todas as actividades da Comisión e, en particular, ocuparase de elaborar as propostas de resolución de expedientes sancionadores, da tramitación e elaboración das propostas de resolución das queixas, consultas e reclamacións dos usuarios e dos conflitos entre operadores, así como de levar as relacións cos tribunais de xustiza, sen prexuízo da asistencia do Servizo Xurídico do Estado ante eles.

b) Departamento Técnico.—Terá ao seu cargo a xestión do Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais, o control de calidade dos servizos postais, a determinación do custo neto do servizo postal universal, logo de auditoría da contabilidade analítica do operador público, e a elaboración de informes e memorias relacionadas co mercado e os servizos postais.

c) Departamento de Inspección.—Exercerá a inspección dos servizos postais prestados polos operadores co fin de garantir o desenvolvemento do servizo nun marco de libre competencia e de salvagardar os dereitos dos usuarios, así como a instrución do procedemento sancionador.

d) Xerencia.—Baixo a xefatura inmediata do secretario xeral, desenvolverá as funcións de xestión dos recursos humanos, económico-financeiros, orzamentarios, informáticos e materiais. Xestionará a contratación e a adquisición dos bens e servizos necesarios para o cumprimento dos fins que a Comisión Nacional do Sector Postal ten asignados. Tamén será responsable da xestión das taxas que a Comisión ten asignadas como principal fonte de ingresos.

2. Á Comisión, dentro da esfera das súas competencias, correspóndenlle as potestades públicas para o cumprimento dos seus fins, nos termos que prevexa a súa lei constitutiva e a súa normativa de desenvolvemento.

CAPÍTULO IV

Do persoal da Comisión Nacional do Sector Postal

Artigo 37. *Réxime de persoal.*

O persoal que preste servizos na Comisión Nacional do Sector Postal estará constituído:

- a) Polo persoal funcionario de carreira.
- b) Polo persoal laboral.

Artigo 38. *Persoal funcionario de carreira.*

1. De conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, o persoal funcionario de carreira da Comisión Nacional do Sector Postal rexerá polo disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e as demais normas aplicables ao persoal funcionario da Administración xeral do Estado.

2. A relación de postos de traballo da Comisión Nacional do Sector Postal determinará que postos deben ser cubertos por persoal funcionario.

En todo caso, o exercicio da función inspectora e todas aquelas funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas e a salvagarda dos intereses xerais do Estado levaráos a cabo persoal funcionario.

3. Os procedementos de provisión de postos de traballo do persoal funcionario de carreira serán os previstos na normativa sobre función pública aplicable ao persoal funcionario da Administración xeral do Estado e deberán respectar, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O presidente da Comisión Nacional do Sector Postal convocará e resolverá os procedementos de provisión de postos de traballo correspondentes a funcionarios de carreira. Tanto as convocatorias como as súas resolucións publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 39. *Persoal laboral.*

1. De conformidade co disposto no artigo 8.4 da Lei 23/2007, do 8 de outubro, o persoal laboral da Comisión Nacional do Sector Postal rexerá polos preceptos da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, que así o dispoñan, pola lexislación laboral e demais normas convencionalmente aplicables.

2. A selección de persoal laboral levarase a cabo mediante procedementos nos cales se garantan os principios reitores contidos no artigo 55 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Os sistemas selectivos de persoal laboral fixo serán os de oposición, concurso-oposición ou concurso de valoración de méritos.

Corresponderalle ao presidente da Comisión Nacional do Sector Postal acordar o nomeamento do persoal laboral mediante a formalización dos contratos, logo de xustificación das condicións de capacidade e dos requisitos exixidos na convocatoria.

3. O persoal que preste servizos na Comisión Nacional do Sector Postal que estea vinculado a ela por unha relación de carácter laboral, terá, con carácter xeral, a condición de persoal laboral fixo.

Excepcionalmente, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, e logo de acordo do Consello Reitor, poderase proceder á contratación de persoal laboral non permanente, logo de autorización conxunta dos ministerios da Presidencia e de Economía e Facenda, mediante calquera das modalidades de contratación temporal previstas na lexislación laboral e respectando, en todo caso, os principios e procedementos sinalados no número anterior.

4. A provisión de postos e a mobilidade do persoal laboral realizarase de conformidade co establecido nos convenios colectivos aplicables e, no seu defecto, polo sistema de provisión de postos e mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral do Estado.

Artigo 40. *Persoal directivo.*

1. O secretario xeral da Comisión Nacional do Sector Postal terá a consideración de persoal directivo.

2. O posto de secretario xeral será cuberto, con carácter xeral, por funcionarios de carreira. Na súa designación deberase atender aos principios de mérito e capacidade, así como aos criterios de idoneidade, e levarse a cabo mediante procedementos que garantan a súa publicidade e concorrencia. No suposto excepcional de que o posto se cubra por persoal laboral, farase mediante contrato de alta dirección.

Artigo 41. *Relación de postos de traballo.*

A Comisión Nacional do Sector Postal contará cunha relación de postos de traballo, que será pública, na cal, conforme o disposto na lei, constarán:

a) Os postos que deban ser desempeñados por funcionarios de carreira, así como a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, se é o caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión de postos e as retribucións complementarias.

Detallaranse os postos que deban ser desempeñados en exclusiva por funcionarios de carreira, por consistir no exercicio das funcións que impliquen a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas e a salvagarda dos intereses xerais do Estado.

b) Os postos de traballo que serán desempeñados por persoal laboral.

Artigo 42. *Oferta de emprego público.*

O presidente da Comisión Nacional do Sector Postal presentarlle anualmente ao Ministerio da Presidencia, a través do Ministerio de Fomento, a proposta de oferta de emprego público correspondente ao organismo.

Artigo 43. *Tramitación das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo.*

As convocatorias de selección e provisión de postos de traballo para persoal ao servizo da Comisión Nacional do Sector Postal realizaranse por resolución do presidente da Comisión Nacional do Sector Postal nos mesmos termos establecidos para a Administración xeral do Estado.

Artigo 44. *Réxime retributivo.*

O réxime xeral das retribucións do persoal ao servizo da Comisión Nacional do Sector Postal estará suxeito ao disposto no capítulo III do título III da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e ás demais normas que sexan aplicables segundo o disposto nel.

Artigo 45. *Réxime de incompatibilidades.*

O persoal ao servizo da Comisión Nacional do Sector Postal estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e estará, ademais, obrigado a cumprir o deber do segredo, mesmo despois de cesar nas súas funcións, en relación con cantas informacións tivese coñecido no exercicio das súas funcións.

CAPÍTULO V

Réxime de contratación, orzamentario, patrimonial e económico-financeiroArtigo 46. *Réxime de contratación.*

1. A actividade contractual da Comisión Nacional do Sector Postal quedará suxeita ao establecido na lexislación sobre contratación do sector público. O órgano de contratación será o seu presidente.

2. O presidente da Comisión Nacional do Sector Postal, como órgano de contratación do organismo, está asistido por unha mesa de contratación, que é o órgano competente para a valoración das ofertas.

3. A mesa está constituída por:

- a) Un presidente, que é o secretario xeral da Comisión Nacional do Sector Postal.
- b) Un secretario, designado polo presidente da Comisión Nacional do Sector Postal entre funcionarios dependentes do órgano de contratación.
- c) Catro vogais, designados polo presidente da Comisión Nacional do Sector Postal, entre representantes do Departamento Xurídico, da Xerencia, da unidade interesada en función do obxecto do contrato e, por último, de quen teña atribuídas funcións relativas ao control económico-orzamentario do organismo.

Artigo 47. *Réxime orzamentario.*

1. A Comisión Nacional do Sector Postal elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento, segundo a estrutura que determinará o Ministerio de Economía e Facenda, ao cal será remitido a través do Ministerio de Fomento, para a súa incorporación ao proxecto de orzamentos xerais do Estado.

2. As variacións que se introduzan no orzamento serán autorizadas de acordo co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

3. Correspóndelle ao presidente da Comisión Nacional do Sector Postal aprobar os gastos e ordenar os pagamentos, salvo os casos reservados á competencia do Goberno, e efectuar a rendición de contas do organismo de conformidade co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

Artigo 48. *Patrimonio.*

1. A Comisión Nacional do Sector Postal terá patrimonio propio e independente do patrimonio do Estado.

2. Os recursos da dita Comisión estarán integrados:

a) Polos bens e valores que constitúan o seu patrimonio, así como polos seus produtos e rendas.

b) Polos ingresos obtidos pola liquidación das seguintes taxas destinadas ao financiamento dos gastos que ocasione o funcionamento da Comisión:

1.º Taxa por inscrición no Rexistro Xeral de Empresas Prestadoras de Servizos Postais.

2.º Taxa por realización de actividades económicas no sector postal.

3.º Taxa por expedición de certificacións rexistrais.

c) As transferencias que se efectúen, se é o caso, con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

3. Como entidade responsable da xestión do Fondo de Compensación do Servizo Postal Universal, a Comisión Nacional do Sector Postal é a encargada da recadación e xestión da taxa prevista, para tal fin, no artigo 33 da Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais.

4. Os impresos que servirán de modelo para o pagamento das distintas taxas aprobaranse por orde do ministro de Fomento.

Artigo 49. *Réxime económico-financeiro.*

O control económico e financeiro permanente da Comisión Nacional do Sector Postal efectuarao a Intervención Xeral da Administración do Estado conforme o disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, sen prexuízo das funcións que correspondan ao Tribunal de Contas.

Artigo 50. *Réxime de contabilidade aplicable á Comisión Nacional do Sector Postal.*

A Comisión Nacional do Sector Postal formulará e renderá as súas contas de acordo coa Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e os principios e as normas de contabilidade recollidas no Plan Xeral de Contabilidade Pública e as súas normas de desenvolvemento.

A Comisión Nacional do Sector Postal formulará as contas anuais no prazo máximo de tres meses desde o peche do exercicio económico.

CAPÍTULO VI

Das relacións externas e da sede electrónica

Artigo 51. *Colaboración coa Comisión Nacional da Competencia.*

A Comisión Nacional do Sector Postal cooperará coa Comisión Nacional da Competencia e, se é o caso, cos órganos competentes que, en materia de competencia, dispoñan as comunidades autónomas nos termos establecidos no capítulo II, do título II da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Cando para o exercicio das súas funcións o Consello Reitor da Comisión Nacional do Sector Postal o considerar oportuno, o seu presidente solicitará o informe pertinente á Comisión Nacional da Competencia.

Artigo 52. *Colaboración co Consello de Consumidores e Usuarios.*

A Comisión Nacional do Sector Postal, na elaboración das circulares que teñan impacto nos usuarios dos servizos postais, así como en calquera outra actividade da Comisión que así o requira, consultará o Consello de Consumidores e Usuarios, como órgano de representación e consulta a escala nacional, previsto no Real decreto lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e outras leis complementarias.

Artigo 53. *Colaboración coa Administración de Xustiza.*

De conformidade co ordenamento xurídico aplicable, a Comisión Nacional do Sector Postal prestará todo o auxilio e a colaboración que lle requira calquera órgano da Administración de xustiza.

Artigo 54. *Relacións con outros entes públicos e privados.*

A Comisión Nacional do Sector Postal, a través do seu presidente, poderá manter relación ou comunicación con calquera órgano doutras administracións públicas e entes privados.

Artigo 55. *Relacións con órganos doutros Estados ou da Unión Europea.*

A Comisión Nacional do Sector Postal, a través do seu presidente e por conduto do Ministerio de Fomento e do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, manterá relacións cos órganos reguladores do sector postal doutros Estados e, en particular, cos

organismos da Unión Europea. Dentro do seu ámbito de competencias, poderá participar nas súas deliberacións e nas discusións que se susciten en materia postal.

Artigo 56. *Sede electrónica.*

A Comisión Nacional do Sector Postal disporá dun sitio na internet de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 23/2007, do 8 de outubro, e co obxecto de cumprir coas previsións establecidas na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

No sitio da internet estarán accesibles, polo menos, a estrutura e composición dos órganos da Comisión, o Regulamento interno de funcionamento, as circulares emitidas, así como todos os informes realizados pola Comisión para o cumprimento dos seus obxectivos e funcións e aqueles que prevexa, en cada momento, así como os obxectivos anuais ou o Plan Estratéxico da Comisión.

O sitio deberá servir de soporte para a divulgación dos obxectivos da Comisión, dos dereitos dos usuarios en relación coas competencias da Comisión, así como de plataforma para poder presentar en liña calquera consulta, queixa ou reclamación, e deberá respectar, en todo caso, o establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.